

# PREGUNTAS FRECUENTES

- Versión actualizada 15/11/21 -

## IV Plan de Rescate da Xunta de Galicia

Apoio a persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 (TR700A)





## **Preguntas frecuentes sobre o apoio persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 (TR700A)**

---

### **1. Quen ou que entidades poden solicitar estas axudas?**

Tal e como establece o artigo 6 da Orde que as regula, poderán solicitar esta axuda:

- a. Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, e profesionais (de ser o caso, mutualistas) en réxime de estimación obxectiva.
- b. Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar por conta propia, os profesionais e empresas que exerzan unha actividade económica e que teñan unha caída do volume de operacións anual declarado ou comprobado pola Administración, no Imposto sobre o Valor Engadido ou tributo indirecto equivalente, de máis dun 30% no ano 2020 respecto do ano 2019.
- c. Igualmente poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas e empresas dadas de alta ou creadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020 e empresas que teñan realizado unha modificación estrutural da sociedade mercantil entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020.



d. Por último, excepcionalmente, poderán ser beneficiarias as persoas autónomas ou empresas que teñan un resultado negativo no 2019 sempre que acrediten a súa solvencia económica.

A dita solvencia económica acreditarase do seguinte xeito:

- i. Nas entidades que sexan suxeitos pasivos do imposto de sociedades (IS) cando, segundo a declaración IS do exercicio 2019, cumpran dúas das tres condicións seguintes:
  1. Ter fondos propios superiores á metade do capital (ou valor absoluto das perdas acumuladas inferior á metade dos fondos propios no caso das entidades que non teñan capital),
  2. Ter un activo total igual ou superior a 1,5 veces o pasivo total,
  3. Ou ter un activo corrente igual ou superior ao pasivo corrente.
- ii. Para as persoas físicas mediante a presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) dos exercicios 2017 e 2018, nas cales se reflecta un resultado positivo en ambos os anos.

## **2. Unha persoa que estivese dado de alta como traballadora autónoma de tempada, que requisitos ten cumprir para solicitar a axuda?**

Ademais dos establecidos como norma xeral, unha persoa autónoma de tempada tamén pode solicitar a axuda do IV Plan de rescate.



Simplemente ten que acreditar que estivo de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 no ano 2019 ou no 2020 e que continua coa súa actividade, sen necesidade de que estea de alta no momento da presentación da solicitude da subvención.

No caso de que a persoa autónoma estivera de alta un período superior aos 9 meses, se lle aplicará o réxime xeral e non o de tempada.

### **3. Que requisitos teñen que cubrir estas persoas ou entidades beneficiarias?**

En calquera caso, deben cumprir ademais os seguintes requisitos:

- Ter domicilio fiscal en Galicia ou ben atoparse nalgún outro dos supostos establecidos no art 7.a) da Orde do 18 de outubro de 2021.
- Ter realizado durante 2019 e 2020 unha actividade económica non financeira e continuar exercéndoa no momento da solicitude.
- Ter cantidades pendentes de pago a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, ou ter incorrido en custos fixos nos que se incorreu, sempre que se xerasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, incluídas tamén as perdas contables propias da actividade empresarial que non fosen xa cubertas por estas ou outras axudas segundo os criterios establecidos na referida Orde.
- Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvención ou axudas públicas e das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.



#### **4. Unha persoa que tivera solicitada unha axuda do III Plan de rescate, pode presentarse a este IV Plan de rescate?**

Si, sempre que ao abeiro do III Plan de Rescate da Xunta de Galicia non foran beneficiarias dos importes máximos establecidos no Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, é dicir, 3.000 € ou 200.000 € ou non superasen o máximo do 40% ou 20% fixado polo Estado no artigo 3.2-b do dito Real Decreto-lei.

#### **5. Se unha empresa se lle concedeu unha axuda procedente doutra administración por mor da crise da COVID, pode pedir esta axuda?**

Si. Estas axudas son compatibles coas demais axudas que poidan outorgar as administracións públicas, sempre e cando o total das axudas non supere o 100% do importe dos gastos subvencionables e se respecten os límites establecidos no Marco Nacional Temporal.

#### **6. Como se calcula o volume de operacións a efectos desta subvención?**

A efectos desta subvención, o volume de operacións calcularase do seguinte xeito:

- a. Para as persoas traballadoras autónomas de tempada, a caída do volume de operacións calcularase comparando a media mensual dos meses que estivo de alta no ano 2019 coa facturación media dos meses que estivo de alta no ano 2020.
- b. Para as altas ou empresas creadas ou que realizaran unha modificación na súa estrutura ao longo do ano 2019, a caída



do volume de operacións calcularase comparando as operacións medias mensual dos meses con actividade do ano 2019 coas operacións medias dos meses do ano 2020.

- c. Para as altas o empresas creadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2020, a caída do volume de operacións calcularase comparando a media mensual dos meses con actividade do primeiro trimestre do ano 2020 coa media mensual dos tres trimestres restantes do ano 2020. A mesma regra aplicarase para as empresas que teñan realizado unha modificación estrutural ao longo do ano 2020.

## **7. Unha empresa que factura máis de 10 millóns de euros de volume de operacións e opera en varias autonomías, en cal delas ten que pedir a axuda?**

No caso dos grupos de empresas, profesionais ou entidades cuxo volume de operacións en 2020 fose superior a 10 millóns de euros que tamén desenvolvan a súa actividade económica en territorios autonómicos distintos de Galicia, poderán participar nas convocatorias que se realicen en todos os territorios nos que operen.

A solicitude en cada caso atenderá aos criterios de distribución da caída de actividade entre os diferentes territorios nos que operan establecidos na Orde HAC/348/2021, do 12 de abril, de desenvolvemento do Real Decreto-Lei 5/2021, do 12 de marzo.

Para isto, atenderá ao peso das retribucións de traballo persoal satisfeitas ás persoas traballadoras con que contan en cada territorio, consignadas na declaración informativa resumo anual de retencións e ingresos a conta (modelo 190).



### 8. Se no ano 2019 a persoa autónoma estivo no réxime de Estimación Obxectiva e no ano 2020 renunciou a súa aplicación pasando ao réxime de Estimación Directa, que réxime prevalece á hora de solicitar esta axuda?

Neste caso, prevalecerá a aplicación do réxime de estimación obxectiva, tal e como establece o punto 5 do apartado un da Orde ministerial HAC/348/2021.

Esta regra tamén será de aplicación para as persoas traballadoras autónomas que teñan renunciado ao réxime de estimación obxectiva no ano 2021 ou que realice varias actividades e que algunha delas lle sexa de aplicación o réxime de estimación obxectiva.

### 9. Que tipo de débeda ou gasto se pode subvencionar con esta axuda?

Serán subvencionables as cantidades que se destinen a satisfacer a débeda con **provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros**, así como a **compensar os custos fixos** en que se incorreu, sempre que estes se xeraran entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021.

Polo tanto, esta axuda pódese aplicar (mantendo obrigatoriamente a seguinte prioridade):



- **1º** ao pagamento da débeda a provedores e outros acredores non financeiros, pendentes a 30 de setembro de 2021 e proceder de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021, aínda que xa estivese realizado o pago na data de presentación da solicitude,
- **2º** á reducir a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público.
- **3º** e último, **sempre que exista remanente de axuda**, esta pode destinarse á compensación de custos fixos desde o 1 de marzo de 2020 ao 30 de setembro de 2021; é dicir:
  - Á compensación de tódolos **custos fixos do 2020** en que se incorrese, incluídas as perdas contables propias da actividade empresarial, **sempre que se xerases entre o 1 de marzo e o 31 de decembro de 2020** e
  - Á compensación de tódolos **custos fixos do 2021** incorridos entre o 1 de xaneiro a 30 de setembro de 2021, incluídas as perdas contables **sempre que teñan o exercicio económico pechado**. Polo tanto, se o exercicio económico non se atopa pechado, non se poderán incluír as perdas contables.

## **10. Se entende entón que se pode incluír como gasto subvencionable a perda sufrida por unha empresa no ano 2020?**

Si. O artigo 11, na súa letra b) da orde que regula a axuda establece como gasto subvencionable as perdas contables propias da actividade empresarial que non fose xa cubertas por estas ou outras axudas.



## **11. Como se acreditan as perdas contables?**

A acreditación da existencia de perdas contables farase mediante a comprobación do resultado do exercicio contable reflectido na conta de Perdas e Ganancias correspondente ao ano 2020 e/ou ao ano 2021 (este último, só no caso de atoparse xa pechado).

Para isto, a persoa beneficiaria pode autorizar á consulta dos datos subministrados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, en caso contrario, mediante a achega das Contas de perdas e ganancias do ano 2020 e/ou do ano 2021.

## **12. Que se entende por custos fixos?**

Son aqueles custos que se xeran e asumen pola empresa independentemente do volume da súa actividade ou do seu nivel de produción; é dicir, son un gasto invariable - polo menos, durante un certo período - e non se ven alterados polo volume de negocio. Por exemplo, alugueiros do local no que se desenvolve a actividade, as nóminas do persoal, etc.

## **13. O importe a incluír na solicitude da axuda polas facturas pendentes de pago, deben reflectirse con ou sen IVE?**

Os importes das facturas pendentes de pago incluíranse con ou sen IVE (ou imposto equivalente) en función de que o mesmo resulte ou non deducible pola persoa ou empresa solicitante, atendendo aos requisitos normativos do dito imposto que lle sexan de aplicación.

No caso de que non sexa deducible, o importe a reflectir deberá incluír o IVE soportado e no caso de que sexa deducible pola persoa



solicitante, o importe a reflectir será a base impositiva da factura, previa á aplicación do tipo impositivo correspondente do IVE.

**14. E se poden ter en conta tamén as débedas cun familiar, cun socio ou cun administrador da sociedade?**

Efectivamente. No caso de préstamos entre particulares será considerado como documento válido de xustificación a transferencia bancaria nas datas establecidas ou, se for o caso, por terse elevado o préstamo a escritura pública antes do 13 de marzo de 2021.

En todo caso, as axudas directas destinaranse a satisfacer os conceptos mencionados no apartado 3 do artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021 e o artigo 32.2 da orde que regula o IV Plan de rescate, independentemente de si se trata dun pago a un provedor ou dunha débeda cun socio, administrador ou cun terceiro.

**15. Con esta axuda se pode atender a préstamos ou pólizas de crédito constituídos con entidades financeiras?**

Si, por suposto. No caso de préstamos ou pólizas de crédito constituídos entre o 1 de marzo de 2020 e 12 de marzo de 2021, ambos inclusive, o pagamento poderá abranguer as cotas pendentes correspondentes ao período comprendido entre os días 1 de marzo de 2020 e 30 de setembro de 2021, ambos inclusive. No suposto de que o contrato prevexa a posibilidade de amortización ou cancelación anticipada, o pagamento poderá abranguer a totalidade da débeda pendente derivada do referido préstamo ou póliza de crédito.



O que si, non serán subvencionables os gastos que poidan derivarse da dita cancelación.

No caso de pólizas de crédito constituídas con anterioridade ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender os importes dispostos entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021, ambos inclusive.

Igualmente, no caso de créditos constituídos con anterioridade ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender, as cotas pendentes de pagamento correspondentes ao período comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021, ambos inclusive.

## **16. As débedas incluídas na solicitude se poden pagar atendendo primeiro as de maior importe ou ás que son de empresas do mesmo municipio?**

Non. A orde á hora de realizar o pagamento da débeda declarada é a seguinte:

- En primeiro lugar deberanse satisfacer os pagamentos das débedas a provedores e outros acredores non financeiros por orde de antigüidade;
- A continuación, se procede, en segundo lugar, reducirase a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público.
- Por último poderá destinarse o remanente sobrante da axuda a compensar os custos fixos en que se incorreu, incluídas as perdas contables propias da actividade empresarial, e que non foran cubertas por outras axudas.



Nese sentido, é importante incluír todas as débedas e cantidades pendentes que cumpran as condicións da convocatoria, ordenadas por antigüidade e segundo a prioridade indicada nesta pregunta.

O criterio establecido de orde é de obrigado cumprimento, polo que é moi importante atender ao mesmo á hora de realizar os aboamentos correspondentes.

### **17. Que prazo hai para realizar a solicitude da axuda?**

A data límite de presentación de solicitudes rematará o 29 de novembro de 2021 ás 23:59 horas.

### **18. Esta axuda atende a criterios de concorrencia competitiva ou non competitiva?**

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia esta axuda do IV Plan de rescate da Xunta de Galicia atende ao criterio de concorrencia non competitiva.

Isto significa que as solicitudes resolveranse exclusivamente por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Non obstante, nos casos en que se requira ás persoas solicitantes a emenda de erros ou a subsanación de omisións na solicitude ou na documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data en que o dito requirimento foi correctamente atendido.



## 19. A solicitude pode presentarse presencialmente?

Non. Como nos anteriores plans, as solicitudes desta axuda presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#), asociado ao [procedemento TR700A](#), sen que exista outra vía válida de presentación.

Ademais, deberanse cubrir todos os campos do formulario que están definidos como obrigatorios, sendo só válidas as solicitudes presentadas no modelo establecido.

Isto supón tamén que **todas as notificacións relativas á solicitude realizarase só por medios electrónicos** a través da plataforma [Galicia Notifica.gal](#), polo que é de especial importancia verificar que o correo electrónico que se detalla na solicitude é correcto e está ben escrito.

## 20. Como podo facer se non teño certificado dixital en vigor?

Nese caso pode autorizar a un terceiro para que actúe na súa representación, [empregando o modelo de representación](#) que pode atopar na propia sede electrónica.

**NOTA:** neste caso é moi importante que a persoa que cubra a solicitude seleccione a opción de notificación a representante, xa que se selecciona a opción de notificar á persoa interesada, ao carecer esta de certificado electrónico, non poderá acceder ás notificacións remitidas.



## **21. Que compromisos adquire a persoa ou empresa que reciba a subvención?**

Tal e como se establece na orde as persoas beneficiarias comprométense a:

- a. Manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022.
- b. Non repartir dividendos durante os anos 2021 e 2022.
- c. Non aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante un período de 2 anos.

Para xustificar estes compromisos, deberá achegarse a documentación correspondente antes do 30 de decembro de 2022.

## **22. Se pode solicitar a axuda se actualmente a empresa ten unha débeda coa Seguridade Social?**

Non. Tal e como establece o artigo 7, as persoas ou empresas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

## **23. Pero entón se pode dedicar esta axuda ao pagamento de aprazamentos de débedas coas administracións públicas?**

Si. As axudas si se poden destinar a atender calquera tipo de cantidade pendente de pagamento que teña sido fraccionada ou aprazada, como por exemplo, o caso de débedas coas administracións públicas con pagos aprazados ou fraccionados pola persoa solicitante obrigada ao pago.

Polo tanto, esta axuda poderase aplicar tamén a saldar os aprazamentos acordados con estas administracións públicas



(atendendo sempre á tipoloxía e antigüidade da débeda establecida).

## 24. Como se evidencia a data na que nacen os compromisos de pago?

A data de nacemento dos compromisos contractuais e a data de nacemento da obriga de pago xustificárase coa data que se sinale no contrato de referencia e/ou na factura correspondente.

No caso de préstamos entre particulares, será considerado como documento válido de xustificación a transferencia bancaria nas datas sinaladas no parágrafo anterior ou, no seu caso, por terse elevado o préstamo a escritura pública antes do 13 de marzo do 2021.

## 25. Cal é o límite máximo do importe da axuda?

Nesta axuda operan varios límites máximos, non podendo superarse ningún deles:

- **200.000 euros.**
- **40% do importe da caída do volume de operacións** no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o 30%, no caso de **persoas empresarias ou profesionais** que apliquen o réxime de **estimación directa no IRPF**, así como as entidades e establecementos permanentes **que teñan un máximo de 10 persoas empregadas.**
- **20% do importe da caída do volume de operacións** no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o 30%, no caso de





**entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 persoas empregadas.**

- **Importe da débeda** subvencionable.

## **26. No caso de que o importe da axuda recibida finalmente sexa superior á débeda aboada, como se fai a devolución do saldo restante?**

Se o importe da axuda recibida é superior ao importe da débeda finalmente xustificada como aboada, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención, indicando no concepto o número de expediente correspondente á axuda recibida.

## **27. Cando se ten que xustificar a axuda?**

Deberá xustificar telematicamente, **no prazo máximo de 3 meses dende a recepción da axuda**, a aplicación da axuda a satisfacer as débedas así como á compensación dos custos fixos (incluídas as perdas contables que non foran xa cubertas por estas ou outras axudas).

## 28. Como se ten que xustificar a aplicación da axuda?

### Xustificación para importes de axuda inferior a 30.000 €

A persoa beneficiaria deberá xustificar a axuda mediante a presentación da **conta xustificativa simplificada** que se presentará no modelo do anexo II e incluirá:

- Memoria do cumprimento das condicións da axuda, establecidas na letra a) do artigo 25.
- No caso de débedas, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e data de pagamento, que deberá efectuarse mediante transferencia ou ingreso bancario. Cando as facturas e obrigacións de pagamento sexan posteriores ao 13 de marzo de 2021 deberá indicarse tamén a data do contrato orixe dos gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade da axuda, con indicación do importe e a súa procedencia.
- Se for o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanente da axuda non aplicado, así como os intereses derivados deles.
- No caso de compensación dos custos fixos non cubertos en que se incorreu, as persoas traballadoras autónomas en estimación obxectiva achegarán unha relación clasificada dos ditos custos entre 1 de marzo de 2020 e 31 de decembro de 2020 e/ou entre 1 de xaneiro de 2021 e 30 de setembro de 2021, segundo se recolle no modelo do anexo II.
- No caso de compensación dos custos fixos non cubertos en que se incorreu, incluídas as perdas contables propias da



actividade empresarial que no foran xa cubertas, as restantes persoas traballadoras autónomas, empresarias ou profesionais non suxeitos a estimación obxectiva achegarán unha relación clasificada dos ditos custos entre 1 de marzo de 2020 e 31 de decembro de 2020 e/ou entre 1 de xaneiro de 2021 e 30 de setembro de 2021, segundo se recolle no modelo do anexo II.

### **Xustificación para importes de axuda superior a 30.000 €**

Neste caso, a persoa beneficiaria deberá xustificar a aplicación da axuda á finalidade prevista mediante a achega da **conta xustificativa para axudas superiores a 30.000€** e achegando a seguinte documentación:

- Facturas de provedores e outros acredores pagadas con cargo á axuda concedida. Cando as facturas e obrigacións de pagamento sexan posteriores ao 13 de marzo de 2021, deberá indicarse tamén a data do contrato.
- Xustificantes bancarios do pagamento de facturas. No caso de que os acredores sexan entidades financeiras, certificado da mesma acreditativo da cancelación total o parcial da débeda. Deberá achegarse tamén un certificado de prelación da débeda bancaria.
- Cando as facturas e obrigacións de pagamento sexan posteriores ao 13 de marzo de 2021, contrato do que derivasen obrigacións de pagamento e, no caso de non existir contrato escrito, pedido ou aceptación da oferta ou orzamento, quedando constancia en todo caso da data de asunción da débeda ou da obrigación do pagamento.



- No caso de compensación dos custos fixos en que se incorreu, incluídas as perdas contables propias que non foran xa cubertas, achegarase para a súa xustificación tamén a documentación prevista no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facturas xiradas polos provedores e outros acredores pagadas pola persoa beneficiaria con cargo á axuda concedida. Cando as facturas e obrigacións de pagamento sexan posteriores ao 13 de marzo de 2021, deberá indicarse tamén a data do contrato.
- Xustificantes bancarios do pagamento de facturas.
- Conta de perdas e ganancias do ano 2020 e/ou do ano 2021, cando non se autorice á súa consulta ou non sexa posible para a Administración obter os datos por outros medios.

Quedan excepciónadas de presentar esta documentación aquelas empresas que presenten informe de auditoría nos termos recollidos no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Máis información  
**900 815 600**



**XUNTA  
DE GALICIA**

